



PROGRAMA *de* NADAL

Verin
2025-2026



Venres, sábados e domingos

FINS DE SEMANA DE CINEMA

Salón de Actos da Casa de Cultura de Verín

Org. **Concello de Verín**

Ata o 23 de decembro

Campaña Comercial "OS 6000 DE VERÍN"

Nos comercios de Verín

Sorteo o día 24. Máis info: ccaverin.com

Org. **AEVER** | Colab. **Concello de Verín**

Ata o 6 de xaneiro

BELÉN DA VIRUCA

Salón parroquial

Hor. luns a venres: 17:00 a 19:00h

Un dos beléns máis emblemáticos da provincia, con figuras artesanais, escenas galegas e detalles de actualidade.

Festivos: 11:00 a 13:00h | 17:00 a 19:00h

Org. **Viruca** - Colab. **UAP Verín**

Ata o 6 de xaneiro

BELÉN MERCEDARIO

Igrexa da Mercé

Hor. : 10:30 a 13:00h | 17:00 a 19:00h

Belén tradicional con múltiples escenas clásicas.

Org. **Padres Mercedarios de Verín**

Ata o 6 de xaneiro

BELÉN DO HOSPITAL DE VERÍN

Vestíbulo principal do Hospital

Visitas todos os días

Belén sostible feito con materiais reciclados.

Org. **Lourdes de Gil** - Colab. **Hospital de Verín**

Ata o 6 de xaneiro

BELÉN DA RESIDENCIA DE ANCIÁNS

Asilo de Verín

Horario: 10:00 a 12:30h | 16:30 a 18:30h

Belén con múltiples escenas tradicionais.

Org. **Asilo de Verín**

Ata o 6 de xaneiro

MAQUETA DO CASTELO DE MONTERREI

Rúa Maior (antiga Xoiería Pato)

Horario: 12:00 a 13:00h | 18:00 a 20:00h

Unha réplica con todo detalle dun dos elementos patrimoniais máis relevantes da comarca de Monterrei.

Org. **Antonio Justo** - Colab. **AEVER**

13 de decembro

O BRADOIRO INFANTIL "PEQUENOS REPOBOADORES"

Biblioteca de Verín, 12:00 h. a 13:00 h.

Actividade enmarcada no marco da xornada "Reverdecer: O reto da recuperación ambiental"

Org. **Biblioteca Municipal de Verín**

14 de decembro

DIVERSITY ESCOLA DE DANZA: GALAS DE NADAL

Auditorio de Verín, 10:00 e 17:00 h.

16 de decembro

GALA DE NADAL DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE VERÍN

Auditorio de Verín, 20:00 h.

18 de decembro

PRESENTACIÓN DA NOVELA "BALNEARIO"

Salón de Actos da Casa da Cultura, 19:30 h.

Obra conxunta de Mateo Diego Prada e Luís Bradstrich. A presentación correrá a cargo do emprendedor, profesor e escritor Sixto Arias.

Org. **Biblioteca Municipal de Verín**

19 de decembro

PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA DE VERÍN

Praza do Concello, Rúa Montemaior e Praza García Barbón, 17:00 h.

19 de decembro

GRAN GALA DE NADAL DE KOTODAMA

Auditorio de Verín, 20:00 h.

Unha proposta escénica para todos os públicos na que o alumnado infantil, adolescente e adulto amosará o traballo realizado ao longo do curso. Cun formato inspirado nun magazine televisivo navideño, a gala combinará interpretación, música e humor nun espectáculo dinámico e creativo, con entrada a 5€.

Org. **Kotodama**

20 de decembro

GALA DE XIMNASIA RÍTMICA

Pavillón de Deportes, 11:30 h.

A Escola de Ximnasia Rítmica dependente da área de Deportes do Concello de Verín, convidanos á exhibición, que con motivo das festas do Nadal realizarán as alumnas de Ximnasia Rítmica. Un espectáculo que fará que pequenos e adultos poidan gozar dunha magnífica exhibición deportiva.

Org. **Concello de Verín**

Do 20 de decembro ao 31 de xaneiro

EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA “ALÉN DO LAGO” DE CARLOS FOLGOSO

Sala de Exposicións Municipal, 20:15 h.

Inauguración oficial, sábado 20 de decembro. Carlos Folgoso Sueiro, Premio Galicia de Fotografía Contemporánea, presenta unha viaxe metafórica pola Galicia máis profunda, con estética cinematográfica e ecos sociais e lendarios.

Org. **Concello de Verín, Asociación Vía XIV**

20 de decembro

PASARRÚAS MUSICAL DE AEVER

Rúas de Verín.

Org. **AEVER**

20 decembro

OBRAIDOIRO TEMÁTICO DE ELABORACIÓN DE COROAS FLORAIS EN COLABORACIÓN COAS FLORISTERÍAS LOCAIS.

Ximnasio do Pavillón Municipal, 16:00 a 20:00 h.

O ximnasio do Pavillón Municipal de Deportes de Verín será o escenario dun novo obradoiro de creación de coroas florais de Nadal. Organizado polo Concello de Verín, en colaboración coas florerías da vila; realizándose esta primeira edición coa Florería Lirios.

Sábado 20 de decembro, de 16:00 a 20:00h.

22 de decembro

ACTUACIÓN DA CORAL DE VERÍN

Residencia de anciáns Sta. María, 10:00 h.

Org. **Asoc. Amigos da Música**

22 de decembro

PRESENTACIÓN DO LIBRO “EL ARTE DE MATAR” DE NOA GONZALEZ SOUSA

Salón de Actos da Casa da Cultura, 19:30 h.

Presente e pasado mestúranse nun caso no que a arte e o crime son un. Noa González Sousa (Verín, 1984), asesora xurídica de profesión, compaxina o seu traballo coa súa paixón pola lectura e polos libros, así como coa escritura.

Org. **Biblioteca Municipal de Verín**

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro

LUDONADAL

Pavillón Municipal de Verín e CEIP Módulos Amaro Refojo.

Luns a venres: 8:00-14:30 h

Actividade de conciliación familiar para nenos/as de 3 a 10 anos,

Org. **Concello de Verín**

23, martes

TEATRO FAMILIAR - REDRUM TEATRO “A NENA QUE QUERÍA NAVEGAR”

Auditorio de Verín, 18:00 h.

A Nena que Quería Navegar é unha comedia para público familiar que trata de visibilizar e paliar as consecuencias do acoso escolar a través de técnicas de reforzo positivo e aumento da autoestima. Un espectáculo optimista, colorista, emocionante, reflexivo e festivo no que se mesturan distintas disciplinas como os monicreques, o teatro de obxectos, as vídeo proxeccións e a música en directo.

Org. **Concello de Verín**

24 de decembro

SORTEO “OS 6.000 DE VERÍN”

Sede de AEVER, pola mañá.

Sorteo ante notario da campaña comercial de Nadal.

Org. **AEVER**

27 de decembro

CONCERTO DE NADAL

Santuario de Vilamaior do Val, ás 18.30 h.

A Real Banda de Gaitas da Excma. Deputación de



Ourense, baixo a dirección de Xose Lois Foxo, ofrecerá o tradicional Concerto de Nadal, no marco do 40º Aniversario da Escola de Gaitas e da Real Banda de Gaitas.

O concerto, presentado por Montsé Estévez, contará coa participación de Lucía Pérez & Xabier Vizcaíno, Nadia Vázquez, o grupo de violíns "Tatiana Kostomarova", a Coral de Verín, as Cantoras de Reis de Florderrei e Flor da Xesta de Verín. O acto incluírá tamén unha homenaxe a Ricarda e Julio Domínguez Pérez e a presentación da Marcha Procesional da Nosa Señora dos Remedios de Vilamaior do Val.

Coa colaboración da Delegación Episcopal para a Vida Consagrada.

Org. **Diocese de Ourense, Concello de Verín, Deputación de Ourense.**

28 de decembro

TEATRO - ÁRTIKA CÍA "NON PASARÁN"

Auditorio de Verín, 20:00 h.

Non Pasarán desenvólvese nun país/lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: "Non pasarán", un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade.

Con todo, Cándido e a súa filla Ana acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá. Incapaces de defender os seus propios principios, os personaxes vense atrapados nunha espiral de renuncias e comportamentos que os levará á destrución, converténdose finalmente en cómplices incendiarios do seu propio fogar.

Org. **Concello de Verín**

2 de xaneiro

IX GALICIA MAGIC FEST, Festival Internacional de Ilusionismo de Galicia

Auditorio de Verín, 20:00 h.

Chega a Verín a novena edición de Galicia Magic Fest. O evento máxico máis esperado do Nadal cos mellores ilusionistas do mundo. Unha gala internacional única con magos de diferentes países e premios de prestixio mundial que deixará ao público coa boca aberta durante 70 minutos.

Entrada: 22 €

Org. **Néboa Events | Col. Concello de Verín.**

4 de xaneiro

GALA DE NADAL DE AEVER

Pavillón dos Deportes, 18:00 h.

Gala familiar de Nadal cunha proposta familiar chea de humor, música e circo da man de Fran Rei e Félix Rodríguez, que traerán á vila o espectáculo Saaabor de Nadal!, acompañados polas actuacións de Paco Nogueiras e Zirko Txosko.

Org. **AEVER | Col. Concello de Verín.**

5 de xaneiro

VISITA DOS REIS MAGOS A RESIDENCIA DE ANCIÁNS SANTA MARÍA

Org. **Concello de Verín**

5 de xaneiro

GRAN CABALGATA DOS REIS MAGOS

A partir das 17:30 h.

Saída San Lázaro e chegada a Praza do Concello.

As súas maxestades, os Reis Magos de Oriente percorrarán as rúas de Verín nunha espectacular cabalgata. A ruta finalizará na Praza do Concello (se as condicións climáticas o permiten, se non sería no Pavillón de Deportes).

Org. **Concello de Verín**

6 de xaneiro

CONCERTO DE REIS DA CORAL DE VERÍN

Igrexa da Mercé, 20:00 H.

Org. **Asoc. Amigos da Música**

+info
verin.gal
verin.es



Concello
de Verín

